
CIFP Someso

ANEXO II

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Curso: 2022_2023

Índice

1.	Xustificación	3
2.	Obxectivos	5
3.	Rexistro de partes de incidencias SEN derivación á ACI	6
4.	Rexistro de parte de incidencias CON derivación de alumnos á ACI	6
	4.1 Derivación de alumnos/as á ACI por IMPOSIBILITAR o normal desenvolvemento da clase	6
	4.2 Alumnado a quen, por condutas contrarias ás normas de convivencia, reciba unha medida correctora por parte da Dirección do centro	7
5.	Responsabilidades	8
6.	Horario de funcionamento da aula	9
7.	Instalacións e material	9

1. Xustificación

A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva (a partir de agora ACI) no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A lei 4/2011, no artigo 19 sinala que os centros crearán aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

O CIFP Someso conta con 12 grupos de Formación Profesional Básica, o que supón un alumnado que todos os anos ronda un total de 200 alumnos.

Estes alumnos presentan dous perfís diferenciados:

- a) Alumnos que contan cun problema diagnosticado de aprendizaxe.
- b) Alumnos con condutas disruptivas que, na súa maioría, proceden de familias desestruturadas.

A creación da aula de Convivencia xorde como unha necesidade de dar resposta á atención educativa que require a diversidade do alumnado dos centros. Exponse como unha medida para tentar mellorar as condutas e actitudes daqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na convivencia e, con iso, mellorar o clima de convivencia do grupo-clase e do centro no seu conxunto.

Por outra parte, sinálase no artigo 18 que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro. Tamén, terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.

A Aula de Convivencia é unha estratexia organizativa de xestión pacífica dos conflitos. Baséase, pois, nunha visión positiva do conflito, entendéndoo como unha oportunidade para a reflexión, para a integración democrática das normas e para a mellora persoal e da institución escolar.

Podémola enfocar dende dúas modalidades:

- A aula de convivencia como aula de reflexión. Onde o profesorado tratará de axudar ao alumno/a a analizar as súas condutas disruptivas e se compromete ao cambio.
- A aula de convivencia como aula de traballo onde o alumno/a será atendido en vez de cumprir a sanción no seu domicilio. Terá que facer tanto traballos curriculares como de modificación de conduta e habilidades sociais.

2. Obxectivos

O obxectivo da aula de Convivencia é favorecer un proceso de reflexión, por parte de cada alumno ou alumna que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela.

O obxectivo prioritario sería, pois, que os alumnos e alumnas comprendan o alcance para si mesmos e para os demais das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a facerse cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.

Outros obxectivos serán:

1. Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conducta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo elo ao desenrolo das clases.
2. Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
3. Contribuír a desenrolar actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
4. Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
5. Axudarlle a adquirir unha boa disposición de cara as tarefas escolares.
6. Resolver os conflitos de maneira pacífica dende o diálogo e a reflexión.
7. Mellorar a vida académica e persoal do alumno ou alumna.
8. Mellorar o ambiente da aula.

3. Rexistro de partes de incidencias SEN derivación á ACI

PRIMEIRO_ O profesor deberá rexistrar a conduta no XADE:

ALUMNO/A \Rightarrow FALTAS \Rightarrow FALTAS DE CONDUCTA

SEGUNDO_ No caso de que se trate dun alumno/a menor de idade, o profesorado porase en contacto co pai/nai ou titor/a legal do alumno/a.

TERCEIRO_ A conduta contraria á convivencia será valorada polo propio equipo docente do alumno/a xunto con representantes da dirección e da coordinación de convivencia, nunha reunión que se celebrará semanalmente, tendo en conta o establecido no NOF do centro.

4. Rexistro de parte de incidencias CON derivación de alumnos á ACI

Diferenciaremos dúas situacións:

4.1 Derivación de alumnado á ACI por **IMPOSIBILITAR** o normal desenvolvemento da clase.

4.2 Recepción de alumnado que conta cunha medida correctora consistente en traballo fora do horario lectivo.

4.1 Derivación de alumnos/as á ACI por **IMPOSIBILITAR** o normal desenvolvemento da clase

O profesor/a poderá derivar ao alumnado á ACI sempre e cando **IMPOSIBILITEN O NORMAL DESENVOLVEMENTO DA CLASE** e persista na mesma conduta, de maneira que non sexa posible continuar coas actividades lectivas realizadas nese momento.

PRIMEIRO_ O profesor/a deberá rexistrar a conduta contraria á convivencia e a correspondente derivación á ACI no XADE:

ALUMNO/A \Rightarrow FALTAS \Rightarrow FALTAS DE CONDUCTA

SEGUNDO_ O profesor/a indicarlle ao alumno/a as tarefas que deberá realizar na ACI.

No seguinte día de clase da correspondente materia, o alumnado deberá entregar as tarefas realizadas ao profesor que o derivou á ACI.

TERCEIRO_ O profesorado de garda de ACI anotará a derivación do alumno/a, no libro habilitado para tal efecto na mesa do profesor/a.

CUARTO_ Partindo de que a ACI ten unha finalidade reeducadora e non so sancionadora, o profesorado de garda tratará de que o alumno/a reflexione sobre a súa conduta entregándolle o documento de reflexión, o cal se atopa nas bandexas do moble desta aula.

Unha vez cuberto o documento de reflexión, o alumno/a deberá realizar as tarefas que lle foron encomendadas polo profesor/a que o derivou á ACI.

QUINTO_ No caso de que se trate dun alumno/a menor de idade, o profesorado porase en contacto cos seu pai/nai ou titor/a legal.

SEXTO_ A conduta contraria á convivencia será valorada polo propio equipo docente do alumno/a xunto con representantes da dirección e da coordinación de convivencia, nunha reunión que se celebrará semanalmente tendo en conta o establecido no NOF do centro.

4.2 Alumnado a quen, por condutas contrarias ás normas de convivencia, reciba unha medida correctora por parte da Dirección do centro

PRIMEIRO_ MEDIDAS CORRECTORAS- Poderá ser derivado á ACI pola Dirección do centro, aquel alumnado que fora sancionado con algunha das seguintes medidas correctoras:

- a) Realización de traballos específicos en horario lectivo (esta medida tamén pode ser adoptada polo profesorado directamente).
- b) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro (esta medida tamén pode ser adoptada polo profesorado directamente).
- c) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases.
- e) Suspensión do dereito de asistencia ao centro educativo.

SEGUNDO_ TAREFAS DO ALUMNADO- Durante o tempo que dure a suspensión:

- a) O profesorado/a de garda tratará de que o alumno/a reflexione sobre a súa conduta entregándolle o documento de reflexión, o cal se atopa nas bandexas do moble desta aula.
- b) Unha vez cuberto o documento de reflexión, o alumno/a deberá realizar as actividades propostas polo Departamento de Información e Orientación Profesional para cada caso, relacionadas coa convivencia.

5. Responsabilidades

<p>PROFESOR/A DE AULA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistra a conduta contraria á convivencia e, no seu caso, a súa derivación á ACI, no XADE. • No caso de que o alumno/a sexa derivado/a á ACI, indícalle as tarefas a realizar durante a súa estancia e recibe as tarefas realizadas no seguinte día de clase. • No caso de alumnado menor de idade, ponse en contacto cos pais, nais ou titores legais do alumno/a, para comunicarlles esta situación.
<p>PROFESOR/A DE GARDA NA ACI</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recibe ao alumno. • Anota a derivación do alumno no libro habilitado para tal efecto na mesa do profesor. • Trata de que o alumno/a realice o documento de reflexión (documento que se atopa nas estanterías da ACI), así como as tarefas que teña encomendadas. • No caso de que o comportamento do alumno/a sexa constitutivo dunha conduta contraria á convivencia, deixa constancia no libro de rexistro de ACI.

6. Horario de funcionamento da aula

A aula funcionará de luns a venres, durante o período lectivo no seguinte horario:

- De 08:30 a 14:00 horas.
- De 16:00 a 10:15 horas.

7. Instalacións e material

A aula de convivencia inclusiva estará situada na planta baixa, na aula 018. Trátase dunha aula de espazo reducido , próxima ao Departamento de Información e Orientación Profesional e dos despachos do equipo directivo

Estará dotada do seguinte material:

- a) Diferente bibliografía relacionada coa resolución de conflitos, habilidades sociais.
- b) Arquivador.
- c) Bolígrafos e folios.
- d) Documentos de reflexión.
- e) Material curricular proposto polos diferentes departamentos.
- f) Libros de texto.

ANEXO ACI - DOCUMENTO DE REFLEXIÓN PARA ALUMNOS DERIVADOS Á ACI**NOME DO ALUMNO:****CURSO E GRUPO:****DATA:**

Todas as persoas cometemos erros. O problema non está no erro en si mesmo, senón nas causas que o provocan e nas actitudes negativas que traen como consecuencia. Polo tanto, para saír do erro, temos que reflexiona, auto observarnos e coñecer que nos levou a tal actitude ou acción.

1. Describe que ocorreu:**2. Que necesitabas/que che pasaba/que estabas pensando nese momento:****3. Como te sentiches?****4. Como te sentes agora?**

5. Que podes facer nestas situacións?

6. Que podes facer para reparar esta situación?

7. Decisión que tomas: COMPROMISO DE CONVIVENCIA

SINATURA DO ALUMNO: